

Día de Rosalía 2015

18 FEB

Posted by [nmartinezrey](#)

i

Rate This

A [Asociación Escritoras-es Lingua Galega](https://www.facebook.com/aelg.org) (<https://www.facebook.com/aelg.org>) (AELG) promove dende o ano 2010 a conmemoración o **24 de febreiro**, aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, do [Día de Rosalía](http://axendaaelg.blogaliza.org/2015/02/18/propostas-da-aelg-para-o-dia-rosalia-de-castro-2015/) (<http://axendaaelg.blogaliza.org/2015/02/18/propostas-da-aelg-para-o-dia-rosalia-de-castro-2015/>).

Neste 2015 a [AELG](http://www.aelg.org) (<http://www.aelg.org>) propón celebralo baixo o lema “**Eu son Rosalía!**” e convida os centros escolares, institucións, movemento asociativo, persoeiros da cultura galega e a todos os particulares que se quixeran sumar, a realizar actividades encamiñadas a afondar na diversidade temática da obra rosaliana, de modo que cada persoa descubra con cal das múltiples sensibilidades da autora se sente máis identificada, e así poder comunicalo ao resto do mundo **gravando en vídeo** unha frase que comezaría por “**Eu son Rosalía porque/cando/para...**“.

Todas aquellas persoas que vos animedes a realizar o vídeo ou que queirades expresar o voso sentir pola obra de Rosalía, podedes difundilo tamén en redes sociais utilizando o cancelo **#EuSonRosalía**.



Eu son Rosalía!

Día de Rosalía de Castro
A CORUÑA | 24 de febreiro | 19.00
Centro Ágora

Rúa Ágora, 5/F

Lectura pública da obra de Rosalía de Castro

Organiza



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega

Colabora



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Agasalla
un libro en gallego
e unha flor

Todas somos Rosalía!

(<https://www.facebook.com/events/748537888565530/?ref=5>)

Ademais, na Biblioteca Municipal Ágora (<http://www.coruna.es/servlet/Satellite?c=Page&cid=1108122886277&pagename=Bibliotecas%2FPage%2FGenerica&idDetalle=13256683>) realizarase unha lectura pública de textos rosalianos o martes 24 de febreiro ás 19.00 horas. Animámosvos a que vos achegades á biblioteca a celebrar connosco o Día de Rosalía (<https://www.facebook.com/events/748537888565530/?ref=5>) e convidámosvos a participar coa lectura dalgunha das súas obras.

Ata entón, eu despídome cuns versos de Rosalía:

*"Ben sei que non hai nada
novo embaixo do ceo,
que antes outros pensaron
as cousas que hora eu penso.
E ben, ¿para qué escribo?
E ben, porque así somos,
relox que repetimos
eternamente o mesmo"*

Eu son Rosalía!

(<http://www.aelg.org/GetActivityById.do?id=343>)

About these ads (<http://wordpress.com/about-these-ads/>)



About nmartinezrey

Bibliotecaria fascinada por el mundo del social media y la comunicación 2.0. Cada día es una nueva oportunidad de aprender algo más :)

[View all posts by nmartinezrey »](#)

Posted on 18 Febreiro, 2015, in [A biblioteca recomenda](#), [Efemérides](#), [Novas](#) and tagged [#eusonrosalia](#), [AELG](#), [asociación de escritores en lingua galega](#), [dia de rosalia](#), [Rosalía de Castro](#). Bookmark the [permalink](#). [Deixar un comentario](#).